



ESTA SEMANA
IMOS A COÑECER A...

ANTONIO LUCIO
VIVALDI

Antonio Vivaldi naceu en Venecia no mes de marzo no ano 1678 e morreu en Viena nun xullo de 1741. Como moitos compositores, tamén foi músico e tocaba o violín.

O que ao mellor non sabías era que Vivaldi foi ordenado sacerdote, polo que era coñecido como "Il petre rosso" ou o Cura de pelo roxo, posto que a parte de ser cura... tiña o pelo roxo!

Debido a unha enfermidade respiratoria tivo que deixar de oficiar misas e pasou a ser director musical nunha escola de música.

Para os que non o saiban, Vivaldi, xunto con Bach e Händel, son algúns dos compositores máis coñecidos da época e estilo musical coñecido como Barroco musical (S. XVII).

Ese gran compositor creou moitas obras para música coral, concertos e incluso algunha ópera, aínda que está claro que a que máis coñecemos son "As catro estacións".

Esta componse de 4 obras que corresponden ás estacións do ano: primavera, verán, outono e inverno. Todas elas son pequenas historias que narran con música en vez de con palabras. Son unha composición dedicada á música, á vida e á natureza.

Agora, propóñovos actividades de escoita e creación relacionadas con todo o que acabamos de falar.

Gozade coa Música!!



Para que puideramos entender o que nos quería contar con cada obra das estacións, Vivaldi nos deixa uns pequenos sonetos. Aquí tedes o da primavera:

*Chegou a primavera e de contento
as aves a saúdan co seu canto,
e as fontes ao son do branco vento
co doce murmurar flúen en tanto.
O aire cubre co seu negro manto
Tronos, raios, heraldos do seu advento,
e acalándoos logo, aves sen conto
tornan de novo ao seu canoro encanto.
E así sobre o florido ameno prado
entre plantas e ramaxe murmurante
dorme o pastor co seu fiel can ao lado
De pastoral frauta ao son "chispeante"
danzan ninfa e pastor baixo o teitado de primavera
ao irromper brillante.*

Aquí vos deixo un par de enlaces para que poidades escoitar a Primavera de Vivaldi:


https://www.youtube.com/watch?time_continue=4&v=aFHPRiOZeXE&feature=emb_logo

<https://www.youtube.com/watch?v=vI1-MrAR9WU>



Aquí tedes un musicograma, coma se fose unha pequena partitura coa que podedes entender un pouco onde ocorre cada cousa que nos conta no seu soneto. Tamén o podes seguir apoiándote neste vídeo:

https://www.youtube.com/watch?v=pe5qaw4_Y7A



**“La primavera”
A. Vivaldi**

f	p	f	p	Pájaros


Manantial **Tormenta**

f			f	Tormenta

Canto de pájaros **Tormenta**

p			f	p

Como xa che dixen, Vivaldi tamén era un gran violinista. Pois que che parece se aprendemos algo máis do violín?



O efes



Aquí podes ver as súas partes.
Así se toca!

Agora, para os máis atrevidos! Se temos suficiente cartón e cola branca, por que non facemos

o noso propio violín e tocamos a Primavera!

1. Facer un debuxo coa forma dun violín.
2. Coller unha peza de cartón que teñamos para tirar e marcar a súa forma.
3. Recortar (aquí precisarás a axuda dos maiores da casa).
4. Debuxar algunhas das súas partes principais (efes, cordas...).
5. Aínda que normalmente son todos de cor marrón, por que non!! Poñámonos creativos e decora o teu violín!



Reto para os máis maiores! Aquí xa vos propoño un reto un pouco máis complexo.


Xuntade cartón e seguro que nuns días o podedes facer.

Precisamos:

- Cartón.
- Papeis de refugallo (folios vellos, xornais, revistas...)
- Cola branca.
- Fíos.
- Témperas.
- Rotulador negra (para os detalles pequenos)

Os pasos similares ao anterior:

1. Debuxar a forma para recortar no cartón. Se o cartón é moi fino, podes ir facendo capas.
2. Recortar e ir unindo as formas.
3. Cortar os cachos pequenos os papeis e preparar nun prato a mestura de cola branca e auga. Ir colocando os papeis sobre o cartón xa ca forma e cun pincel ir poñendo cola.
4. Deixar secar e xa podedes pintar.
5. Colocar os fíos. Poden pegarse, colocar con chinchetas...



Anímate e logo tráeo ao cole!

E agora outro tipo de actividades:

1. Compoño coa música.

Unha vez que escoitaches a obra da primavera, por que non te animas a pintar o que che suxira a música?

Seguro que te sentirás inspirado e che sairá algo moi fermoso. Logo podes colgalo na ventá e así celebrar cos veciños a chegada da nova estación.

2. Cerdeira en flor.


- Papel branco.
 - Botella de plástico.
 - Un recipiente plano para a pintura.
 - Témpera de cor rosa ou facer a mestura de vermello e branco.
 - Témpera negra ou rotulador negro.
1. Debuxa co rotulador ou témpera o tronco da árbore. Déixao secar!
 2. Prepara a témpera rosa e ca parte inferior da botella farás as pequenas flores.



Terás unha decoración chulísima!

E por hoxe vos deixo con estas palabras tan bonitas de Vivaldi:

A primavera están sobre nós. Os paxaros celebran o seu regreso cunha canción festiva, e as brisas acarician os murmurios. As tempestades de tronos, eses heraldos da primavera, ruxen, arroxando o seu escuro manto sobre o ceo, logo morren en silencio, e os paxaros retoman as súas cancións encantadoras unha vez máis.



Antonio Vivaldi